



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE 2014, CON CARÁCTER
ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVEZA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e cinco minutos do día vinte e nove de outubro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día catorce de outubro do ano que andamos, que logo de facer a corrección que de seguido se relaciona, apróbase por unanimidade dos asistentes.

No punto 4º de adxudicación do contrato de subministración dunha furgoneta con caixa aberta, cabina sinxela e grúa traseira financiada pola Deputación Provincial a través de convenio, onde di “Con data 4 de xuño, por Resolución da Alcaldía (nº 361/14).....”, debe dicir “Con data 6 de outubro,”

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.-Instancia núm. 201400000001214 de don Luís Carbia Noya.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de muro de pedra existente, de aproximadamente 37 m de lonxitude (Expediente núm.: 2014/U009/000065), no lugar de Xián nº 4, en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1) segundo o vixente PXOM. As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000300800NH43C0001LR.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.



2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectaran á estrutura da mesma, e a obra está afectada pola estrada AC-241 polo que se deberá contar coa autorización da Xunta de Galicia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

3º.- Acordo, se procede, sobre clasificación de ofertas presentadas no proceso de licitación da obra de *Arranxo de camiños en Romarís, Quintáns -Matelo e San Pedro de Sarandón*, incluída no DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos, anualidade 2014.

Por Resolución da Alcaldía nº 346/14 de data 29/09/2014 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra consistente en *Arranxo de camiños en Romarís, Quintáns -Matelo e San Pedro de Sarandón (2014.3280.0212.0)*, incluída na anualidade 2014 do DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos.

Vista a proposta da Mesa de Contratación, en función das puntuacións obtidas polos licitadores, tendo en conta os criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas para a contratación desta obra, aprobadas polo Pleno da Deputación con data 25/05/2012 e publicadas no BOP núm. 103/12, do 1 de xuño, e de conformidade co establecido nos artigos 151.1 e 151.2 do R.D. Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE núm. 276/11, do 16 de novembro), a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo á proposta feita pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

- 1.- Obras y Viales de Galicia, S.L: 75,31 puntos
- 2.- Martínez Montes e Hijos, S.L: 72,84 puntos
- 3.- SYR-AMG : 70,00 puntos
- 4.- Construciones Hermanos Couto Fandiño, S.L: 30,03 puntos

Segundo.- Notificar e requirir a Obras y Viales de Galicia, S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días a contar dende o seguinte ao que reciba o requirimento, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do citado texto refundido e resgardo de ter constituída a garantía definitiva acordada (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE).

4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social.

- 4.1.- Escrito núm. 1412/14 de don Anibal Gabarre Álvarez.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita unha axuda para a cobertura de necesidades básicas e electrodomésticos de primeira necesidade

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) para a cobertura de necesidades básicas e douscentos noventa e cinco euros (#295,00#) para a adquisición dunha lavadora, de acordo coa ordenanza reguladora deste tipo de axudas.

4.2.- Escrito núm. 1413/14 de dona Jesusa Gómez Martínez.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita unha axuda para mellorar as condicións de habitabilidade en vivenda e gasto de subministro eléctrico.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de seiscentos setenta euros con dez céntimos (#670,10#) para mellorar as condicións de habitabilidade na vivenda e trinta euros con corenta e sete céntimos (#30,47#) para o subministro eléctrico.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
1 201400016	14/10/2014	157,30	Gráficas Vedra, S.L.	Sobres oficiais de apertura lateral subministrados en outubro
A/583	30/09/2014	108,90	German Mallo, S.L.	Recollida de seis pneumáticos usados depositados no punto limpo para a súa reciclaxe
2014/84	07/10/2014	561,60	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de outubro
01/C14-15	10/10/2014	270,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura mes outubro
24 2911	09/10/2014	1.890,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo A para os diversos vehículos municipais subministrado na nave de Trobe en outubro
144	15/10/2014	203,28	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Traballos realizados en outubro na obra construción dun novo ximnasio no polideportivo municipal
140000401	30/09/2014	165,47	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais para obras da brigada no museo Paz Camps e no edificio antiga escola de Trobe subministrados en setembro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A-1840058/59	16/10/2014 54,38	Consellería de Facenda	de	Taxas da Comunidade Autónoma por emisión de dúas tarxetas para o tacógrafo dixital do camión de recollida do lixo
14/155	30/09/2014 28,01	M.C. S.L.	Mapoca,	Materiais e utensilios subministrados en setembro para a obra construción de beirarrúas en Pousada-Vedra
14/156	30/09/2014 103,03	M.C. S.L.	Mapoca,	Materiais para a obra de arranxo da presa do río Puntillón en Caldelas-Ponte Ulla
14/157	30/09/2014 471,17	M.C. S.L.	Mapoca,	Materiais para obras realizadas na vía pública pola brigada en Xián-San Pedro en setembro
14/158	30/09/2014 109,38	M.C. S.L.	Mapoca,	Utensilios para a brigada verde e materiais para a brigada de obras subministrados en setembro
14/159	30/09/2014 671,19	M.C. S.L.	Mapoca,	Materiais subministrados en setembro para a obra do tellado da casa-escola de Trobe
14/160	30/09/2014 115,31	M.C. S.L.	Mapoca,	Materiais para mantemento do CPI de Vedra, CEIP de Santa Cruz e escola de San Xián subministrados en setembro
14/161	30/09/2014 96,26	M.C. S.L.	Mapoca,	Materiais para as obras realizadas pola brigada e chalecos reflectantes subministrados en setembro
7778	18/10/2014 3,95	Mercamella, S.L.		Pila para a báscula de correos das oficinas xerais adquirida en outubro
116/2014	20/10/2014 2.238,50	Blanco S.L.	Cuns,	Reparación e illamento do tellado do local sociocultural de San Pedro de Sarandón
TA4S80025744	19/10/2014 22,56	Telefónica de España, SAU-Movistar		Servizo de fax no departamento de servizos sociais municipais mes setembro
8-20.640.843-E	11/10/2014 90,01	Seguros Catalana de Occidente, SA		Póliza do seguro anual contratado para o tractor J. Deere C89650VE do 19/11/2014 ao 19/11/2015
8-20.640.917-P	11/10/2014 90,01	Seguros Catalana de Occidente, SA		Póliza do seguro anual contratado para o tractor Lamborghini E9223BBB do 16/11/2014 ao 16/11/2015
8-20.640.923-L	11/10/2014 42,01	Seguros Catalana de Occidente, SA		Póliza do seguro anual contratado para o remolque E9224BBB do 16/11/2014 ao 16/11/2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



17-14	30/09/2014 675,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de setembro de 2014 e acollemento de dous animais durante o período
F30450	14/10/2014 4.403,19	Sport Equipalia, S.L.	Subministro e instalación de espellos e outros materiais para obra construción novo ximnasio no polideportivo municipal
014/47	16/10/2014 599,99	Amextreme Kayak-Fernandez Vazquez Jose Luis	Servizo de piraguas para a actividade deportiva Agronovo 2014
CI0742146 207	15/10/2014 1.440,85	Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía móbil e fixa período do 15/09/2014 ao 14/10/2014
CR 28/14	23/10/2014 254,10	Galitrans-96, S.L.	Servizo de transporte de alimentos da Cruz Vermella dende Coruña a Vedra para reparto polos servizos sociais municipais
3 Tíckets	14/10/2014 87,46	Acredores diversos	Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en outubro
840006248	09/10/2014 355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias máquinas servizos sociais e oficinas xerais mes outubro
Tícket 00017363	23/10/2014 59,00	Hipercor S.A.	Microondas para o servizo de madrugadores adquirido en outubro
34 7860	20/10/2014 656,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da gardería municipal subministrado en outubro
34 7905	21/10/2014 1.239,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe en outubro
A/886	24/10/2014 15,50	O Forno da Ulla S.L.	Produtos subministrados en outubro para os premios da campaña de promoción turística <i>Vedra de Tapas</i>
P 406.922	21/10/2014 250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2014 a marzo/2015 mes outubro
201435150 90IU01R0 01030	20/10/2014 97,73	Acredores diversos	Liquidación IBI Urbana exercicio 2014 da casa da antiga Cámara Agraria de Santa Cruz (titularidade da Xunta de Galicia)
FE14 193	20/10/2014 13.848,28	Climagal, S.L.	Traballos de climatización e ventilación da obra construción dun novo ximnasio no polideportivo municipal



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	122,03	Membros da mesa municipal de contratación	Indemnización pola reunión mantida o día 13/10/2014 para a apertura de ofertas presentadas no procedemento de adxudicación da obra <i>Arranxo de Camiños en Romarís, Quintáns-Matelo e San Pedro de Sarandón</i>
	32,50	Chas Bao José Ramón	Indemnización e quilometraxe por asistencia o 14/10/2014 ao Gaia en Santiago á presentación do programa <i>Galicia.es</i> (plataforma do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas)
	34,50	Crespo Souto Vanessa	Indemnización e quilometraxe por asistencia ao curso <i>SIGM 3.0</i> en Hipercor-Santiago o día 02/10/2014
	25,50	Lema Rodríguez Clara	Quilometraxe por xestións de urbanismo realizadas nos meses de setembro e outubro

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia na factura de Droguería - Ferretería El Sol, acorda aprobar as citadas facturas.

Así mesmo acorda rexeitar a factura núm.50907502 de Ricoh España S.L.U por importe de 1.335,25 euros por fotocopias realizadas nas máquinas de oficinas xerais e servizos sociais nos meses de xuño, xullo e agosto, por discrepancias cuantitativas e cualitativas nas lecturas dos contadores.

6º.- Outros asuntos.

6.1.- Modificación composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra.

Dáse conta do escrito presentado polo PSdG-PSOE solicitando a designación da concelleira dona Celia Alegre Maceira como nova representante do grupo municipal como vogal na Mesa de Contratación Permanente do Concello, substituindo a dona Lucía González Louro.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

6.2.- Aprobación gastos de XVII edición do Torneo Intermunicipal de fútbol sala sénior.

A Xunta de Goberno, de acordo co establecido na cláusula segunda do convenio de colaboración asinado entre o concello de Teo e o concello de Vedra para a organización do XVII Torneo Intermunicipal de fútbol sala sénior, acorda transferirle ao concello de Teo a cantidade de 400 euros correspondentes á achega municipal para financiar os gastos derivados da organización do citado torneo.



6.3.- Comunicación núm. 886/14 da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Dáse conta da citada comunicación da Consellería do Medio Rural e do Mar dando traslado de acordo do director xeral de Agader polo que transmite en propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuito, do seguinte ben:

Finca nº 1090 do polígono 3 da zona de concentración parcelaria de Vedra, sita en Avd. M. M. Gómez Lorenzo, cunha extensión superficial de 8.740 m² (6.572 m² construídos); limita con Manuel Villasenín Vence, con comunidade de propietarios de Vedra e con camiño (503) . Referencia catastral 2261209NH4326S0001HS.

A Xunta de Goberno acorda aceptar o citado ben.

6.4.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 1425/14 na que dona Celsa Suárez López, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 40% , segundo certificado emitido polo equipo de valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte horas e cincuenta e cinco minutos.